

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 6º E.P.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. Establecerei as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado establecerei medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptareinas en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Avaliarei tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e incluso a miña propia práctica docente. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, adoptarei as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

Esta avaliación farase a través de diferentes instrumentos de avaliación. Entre outros me gustaría destacar:

Técnicas cooperativas específicas para avaliar; observación caderno de equipo, Uno por todos, Planes de equipo, El número, Probas específicas, Rúbricas, Resolución de problemas, Debates, Exposicións orais, Cadernos de traballo,...

	CRITERIOS
ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS E COMPETENCIAS. 65%	25%- Grao de adquisición de aprendizaxes básicas e competencias clave. 20%- Valoración dos procesos seguidos e dos resultados obtidos. 20%-Aprendizaxe cooperativa
ACTITUDE ANTE O TRABALLO. 15%	<ul style="list-style-type: none"> - Grao de autonomía e responsabilidade. - Interese, motivación. - Esforzo. - Caligrafía, orde e limpeza na presentación. - Estimación do tempo invertido para resolver unha actividade.
ACTITUDE ANTE AS NORMAS E OS COMPAÑEIROS. 20%	<ul style="list-style-type: none"> - Respetto e cumprimento das normas. - Respetto e tolerancia na resolución de conflitos. - Capacidade de traballo en equipo. - Capacidade para expresar as súas emocións e pensamentos axeitadamente.

RESULTADOS DE CADA AVALIACIÓN:

- **Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.**
- **Ben: 6.**
- **Notable: 7 ou 8.**
- **Sobresaliente: 9 ou 10.**

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior, tendo en conta as porcentaxes do recadro anterior.